

# IV Proba VI Liga Galega SPRINT

Boletín 1

## Presentación

O próximo 24 de agosto o Club AROMON Pontevedra organiza a IV proba da VI Liga Galega SPRINT. Esta competición oficial está amparada pola Federación Española de Orientación (FEDO), o Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Galega de Orientación (FEGADO).

Este formato está aberto a calquera persoa que queira participar, xa sexa en iniciación ou en categoría oficial. As persoas non federadas ou con licenza de proba só poderán participar en categorías de Iniciación.

A proba terá lugar no mapa do casco histórico do Concello de Pontevedra, onde, despois de 9 anos tras o Campionato de España 2016, voltamos a organizar unha proba sprint de competición oficial.

---

## Organización

**Organizador:** Club AROMON Pontevedra

**Dirección da proba:** Teresa Bellón Santos

**Cartografía:** Manuel Varela Rivera (2015) PO-1668-15

**Trazados:** Manu Varela Rivera

**Xuíz Controlador:** Antonio Domínguez Portas:

**Email de contacto:** [orientacion@aromon.gal](mailto:orientacion@aromon.gal)

---

## Localizacións ([Ver mapa](#))

### Secretaría

O Centro de Competición estará situado na [Av. Raíña Vitoria Uxía](#), rúa peonil na que se poderá facer o quecemento dos deportistas previo á hora de saída.

Habilitarase unha zona na que poder deixar roupa e mochilas para recollelas unha vez rematada a proba.

### Corentena

Non haberá unha corentena delimitada, estará prohibida a circulación polo área embargada a partir das 10:00. Non se recollerán os mapas ao rematar a proba polo que pedimos encarecidamente o respecto polo xogo limpo entre participantes.

### Aparcamento

Próximo ao centro de competición está o [Peirao das Corvaceiras](#), no caso de ter que buscar aparcamento ese mesmo día pola mañá, así mesmo, existe un aparcadoiro de pago no mesmo centro de competición e varias zonas amarelas (non activas os domingos) cercanas.

### Area embargada

Prohíbese o adestramento con mapa na zona embargada dende o momento da súa publicación, así coma a visualización de mapas de ningún tipo estando no terreo.

O mesmo día da proba, haberá que abandonar a zona embargada antes das 10:00. Nos arredores do centro de competición hai varias cafeterías nas que poder agardar á hora de saída de cada un.



---

### Mapa

Mapa urbano do casco histórico de Pontevedra cartografiado por Manu Varela Rivera, no ano 2015, revisado en xullo do 2025 polo mesmo cartógrafo. Discorre principalmente en terreo pavimentado, sen grandes desniveis. Existencia de algunha zona de xardín e un diferenciado casco histórico, con rúas máis estreitas.

## Trazados

Proba deseñada en formato sprint, con tempos de gañador que se axustarán aos específicos en cada categoría, arredor dos 15 minutos.

A información de distancias, controis e desniveis publicárase no vindeiro boletín.

---

## Regulamento

A proba está suxeita ó regulamento e ás normativas anuais da FEGADO:

[-Normas Anuais FEGADO](#)

[-Regulamento FEGADO](#)

---

## Categorías

### OFICIAIS - FEDERADOS

- **M-12, F-12:**
  - persoas que cumpren 12 anos ou menos en 2025 (nadas en 2013 ou posteriores).
- **M-14, F-14:**
  - persoas que cumpren 14 anos ou menos en 2025 (nadas en 2011 ou posteriores).
- **M-16, F-16:**
  - persoas que cumpren 16 anos ou menos en 2025 (nadas en 2009 ou posteriores).
- **M-18, F-18:**
  - persoas que cumpren 18 anos ou menos en 2025 (nadas en 2007 ou posteriores).
- **M-21, F-21:**
  - sen límite de idade.
- **SENIOR, F-SENIOR:**
  - sen límite de idade.
- **M-35, F-35:**
  - persoas que cumpren 35 anos ou máis en 2025 (nadas en 1990 e anteriores).
- **M-45, F-45:**
  - persoas que cumpren 45 anos ou máis en 2025 (nadas en 1980 e anteriores).
- **M-55, F-55:**
  - persoas que cumpren 55 anos ou máis en 2025 (nadas en 1970 e anteriores).

### NON OFICIAIS - NON FEDERADOS

- **Iniciación curta:** sen límite de idade.
- **Iniciación longa:** sen límite de idade.

## Cronometraje

O sistema de control de paso será **Sportident** con sistema **AIR+** activado. Polo que as estacións funcionarán tanto en **modo AIR** (sen contacto) como en modo **MANUAL**.

Recoméndase comprobar o estado da batería das SIAC antes de ir á Saída para ter tempo de cambiala, poder alugar unha ou ser consciente de ter que "picar manualmente os controis". Haberá estacións BATTERY TEST na Secretaría e/ou na Presaída.

---

## Horarios

- 10:00 Apertura da secretaría
  - 11:00 Inicio de Saídas e traslado da secretaría
  - 13:00 Peche de meta (poderase adiantar segundo a hora de saída do último participante)
- 

## Inscricións

Data límite 23:50 horas do domingo 17 de agosto de 2025.

A través do sistema de inscricións da FEGADO <https://intranet.fegado.es>

### PREZOS Categorías Oficiais:

- M/F18 e inferiores: 7€
- M/F21 e superiores: 10€

### Categorías NON Oficiais:

- Iniciación curta: 10€ (con licencia de proba)
- Iniciación longa: 13€ (con licencia de proba)

### Outros prezos

- Aluguer de Sport-Ident: 3€
- Modificación Sport-Ident unha vez pechadas as inscricións: 2€
- Modificación Sport-Ident o día da proba: 5€
- Reposición de Dorsal: 3€
- Inscricións fora de prazo: +100% da cota correspondente

Os corredores NON federados deberán inscribirse a través de un club FEGADO.

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia, á dirección de correo electrónico: [info@aromon.gal](mailto:info@aromon.gal)

Os clubs serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios, realizarán un único ingreso bancario co importe total.

- Datos para realizar o pago:
  - TITULAR: Club AROMON
  - IBAN: ES27 3070 0047 9362 6495 0129
  - CONCEPTO: PONTEVERÁN+Nome do Club
- Enviar copia do comprobante de pago ó correo: [info@aromon.gal](mailto:info@aromon.gal)
- Os clubs que desexen factura deberán indicalo e achegar os seus datos fiscais.
- Poderase facer un único pago das 3 probas conxuntas do fin de semana.

---

coa colaboración de:



Concello  
de Pontevedra



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Deputación  
Pontevedra